

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A ASOCIACIÓN DE MÉDICOS GALLEGOS (ASOMEGA) PARA A ORGANIZACIÓN DA XORNADA ACADEMIA ASOMEGA TRAXECTORIA E VIDA**

Na data da sinatura dixital,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, así como coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, D. Julio Ancochea Bermúdez, como presidente e actuando en representación da Asociación de Médicos Gallegos (en adiante ASOMEGA), con CIF G-80982069, e domicilio social na rúa Génova 26, Madrid, en virtude das facultades conferidas polos Estatutos da Asociación.

Recoñecéndose mutuamente a capacidade legal para subscribir o presente convenio,

### **MANIFESTAN**

1. O Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 125 que a consellería competente en materia de sanidade promoverá a formación continuada dos profesionais e das profesionais do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de adecuar os seus coñecementos e habilidades ás necesidades do profesional ou da profesional, así como ás liñas estratéxicas do sistema. Así mesmo, o seu artigo 131 indica que a administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación, tendo en conta as prioridades marcadas polos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento. Sinala tamén que todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.

2. A "Asociación de Médicos Gallegos" (ASOMEGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que conta con máis de 30 anos de existencia e que desde o ano 2024 conta co recoñecemento de entidade de utilidade pública. Creouse cos obxectivos de promover a comunicación entre os seus asociados, fomentar as relacións humanas e profesionais coa universidade galega, impulsar a formación científica e profesional dos seus asociados, convocar bolsas de axuda para mozos médicos de orixe ou ascendencia galega e favorecer a creación de colectivos similares noutras comunidades e países e convocar conxuntamente reunións científicas que axuden ao intercambio humano.

Segundo se recolle nos seus estatutos, ASOMEGA ten como fin primordial contribuír ao avance e mellor coñecemento da sanidade galega e dos seus profesionais e complementando este fin primordial pretende:

- a) Estimular o exercicio da medicina de calidade en todas as súas formas e orientada sempre á consecución dos mellores resultados para os/as pacientes.
- b) Impulsar a formación científica e mellor cualificación profesional dos/das asociados/as e simpatizantes.



- c) Avanzar na humanización da medicina e impulsar o desenvolvemento da vertente social da asistencia sanitaria.
- d) Favorecer e apoiar calquera actividade docente, técnica, científica, de investigación, cultural e profesional que poida ser beneficiosa para as persoas asociadas e simpatizantes.
- e) Favorecer e impulsar a diversidade que enriqueza o presente e futuro da sanidade galega.
- f) Contribuír ao mellor coñecemento da calidade científica e asistencial do sistema sanitario galego.

O desenvolvemento dos fins de ASOMEGA pode efectuarse, entre outras, mediante actividades de divulgación, formación e investigación.

3. En desenvolvemento dos seus fins, ASOMEGA ten previsto celebrar no mes de outubro do ano 2025 a actividade "Xornada Academia ASOMEGA Traxectoria e Vida", na que se abordarán temas sanitarios de gran transcendencia, como Neonatoloxía, saúde cardiovascular, enfermidades respiratorias crónicas, Atención primaria, nutrición, entre outras.

4. As partes entenden o seu común interese e están interesadas en manter unha estreita colaboración dentro dos seus respectivos ámbitos e competencias coa finalidade de sumar esforzos que permitan impulsar a investigación e formación científica en materia de saúde, avanzando na humanización e estimulando o exercicio dunha medicina de calidade orientada a consecución dos mellores resultados para os pacientes.

Polo tanto, dadas as razóns de interese público expostas, de acordo co previsto nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, nos que se regula a



posibilidade de conceder subvencións de forma directa sempre que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, as partes coinciden na necesidade de establecer un marco de colaboración para desenvolver a “Xornada Academia ASOMEGA Traxectoria e Vida”.

A subvención que se outorga a través deste convenio incardínase dentro do obxectivo operativo 4.3 *“Fomentar a formación continua e o desenvolvemento profesional personalizado dos traballadores do sector da saúde, adaptando as competencias e habilidades ás necesidades dos novos modelos de atención”*, recollido dentro do obxectivo estratéxico 4. *“Velar polo coidado e motivación dos profesionais”* da Estratexia Galega de Saúde 2030.

E polo anteriormente exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Sanidade e ASOMEGA para desenvolver actuacións de formación e investigación en materia sanitaria, en concreto a “Xornada Academia ASOMEGA Traxectoria e Vida”.

### **SEGUNDA.- Compromisos de ASOMEGA**

ASOMEGA asume os seguintes compromisos:

- Coordinar e xestionar as actividades a desenvolver na *“Xornada Academia ASOMEGA Traxectoria e Vida”* (en adiante a xornada), de conformidade co programa que se recolle no anexo I.
- Encargarse da comunicación, publicidade e posta en valor da xornada e promover a



participación dos/das seus/súas asociados/as.

- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ASOMEGA asume, na súa condición de beneficiaria, a total responsabilidade ante a Consellería de Sanidade da execución e desenvolvemento da actividade subvencionada.
- Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Consellería de Sanidade, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Subministrar á Consellería de Sanidade a información necesaria para o cumprimento das obrigas de transparencia sendo de aplicación o artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **TERCEIRA.- *Compromisos da Consellería de Sanidade***

A Consellería de Sanidade, asume os seguintes compromisos:

- Financiar a execución e desenvolvemento da xornada, nas condicións establecidas nas cláusulas cuarta e quinta
- Prestar apoio e seguir a execución das actividades da xornada.

### **CUARTA.- *Financiamento***

A Consellería de Sanidade contribuirá ao financiamento da xornada cunha achega de nove



mil euros (9.000 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 1201/411A/481.1 (código de proxecto 2022.00107), na que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2025.

### **QUINTA.- *Pagamento e xustificación***

1. O pagamento desta subvención a ASOMEGA, como entidade beneficiaria, farase efectivo previa presentación das xustificacións dos gastos realizados, nos termos establecidos nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 44 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, segundo o artigo 60.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Ademais, atendendo ao artigo 62.2 do mesmo decreto, o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

2. A entidade beneficiaria xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou



recursos que financien as actuacións subvencionadas.

- De ser o caso, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A data límite para a xustificación dos gastos será o día 15 de decembro de 2025, e a documentación deberá dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

3. No caso de que o gasto xustificado pola entidade non acadase a contía total da subvención prevista na cláusula cuarta, a Consellería de Sanidade só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

#### **SEXTA.- *Inexistencia de relación laboral***

A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería de Sanidade e o persoal de ASOMEGA ou contratado por esta, que realice as actividades obxecto deste, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

#### **SÉTIMA. *Compatibilidade***

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a axuda concedida supere, illadamente ou en concorrencia



con outras, o custo da actividade para a que foi concedida, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### **OITAVA.- Protección de datos**

As partes do presente convenio respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Deber de confidencialidade:

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar a dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a



documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

### **NOVENA .- *Comisión Mixta de Seguimento do Convenio***

1. Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a Consellería de Sanidade e ASOMEGA constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento.

A dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Asi mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio.

2. A comisión estará formada por un total de catro persoas, das cales, dúas serán designadas pola Consellería de Sanidade, e dúas serán designadas por ASOMEGA. A competencia para esta designación correspóndelle ao/á máximo/a responsable de cada unha das partes asinantes do convenio.

A totalidade das persoas integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

3. Corresponderá á Comisión mixta de Seguimento:

- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades programadas.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada con este proxecto.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio de colaboración.



Esta comisión reunirse para avaliar a execución e resolver posibles incidencias cando o solicite calquera das partes.

### **DÉCIMA- *Vixencia e modificación do convenio***

O presente convenio terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do ano 2025.

O convenio poderá ser modificado, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, a través de acordo escrito das partes.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- *Causas de revogación e resolución***

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Son causas de resolución do presente convenio:

- As previstas con carácter xeral no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A introdución de modificacións na actividade a desenvolver sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique á outra cun mes de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación do



importe da axuda.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- *Natureza e xurisdición***

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, e réxese polas súas cláusulas e no seu defecto será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, a Lei 38/2003, do 17 novembro, e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento.

As cuestión litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- *Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno***

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) ou 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida



por esta, todo elo nos termos establecidos no Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

En proba de conformidade coas anteriores estipulacións, as partes formalizan o presente convenio na data que figura na derradeira sinatura dixital.

Pola Consellería de Sanidade

Pola Asociación de Médicos Gallegos  
(ASOMEGA)

D. Antonio Gómez Caamaño

Julio Ancochea Bermúdez



## ANEXO

### XORNADA ACADEMIA ASOMEGA TRAXECTORIA E VIDA

(Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2025)

#### PROGRAMA

##### **9:00 Inauguración**

**Dr. Julio Ancochea.** Presidente ASOMEGA

**Dr. Ángel Carracedo.** Presidente Academia ASOMEGA

**Dr. Antonio G. Caamaño.** Conselleiro de Sanidade

##### **9:30 Traxectoria na Neonatoloxía sobre prevención, cuidados e atención do neonato para un desenvolvemento óptimo.**

Dra. Luz Couce Pico. Catedrática de Pediatría na USC. Xefe do Servizo de Neonatoloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

##### **10:00 Prevención, cuidados e atención no neno, adolescente e adulto para unha saúde cardiovascular.**

Dra. Marisa Crespo Leiro. Profesora Titular na UDC. Xefa da Unidade de Insuficiencia Cardíaca e Transplante Cardíaco do CHUAC.

##### **10:30 Determinantes sociais das enfermidades respiratorias crónicas. O exemplo da EPOC**

Dr. José Alberto Fernández Villar. Profesor Titular na Uvigo. Xefe do Servizo de Neumoloxía do CHUVI.

##### **11:00 Traxectoria na Atención Primaria para a mellora da saúde cunha orientación comunitaria**

Dra. Cristina Margusino Framiñan e Lorenzo Armenteros del Olmo. Medicina Familiar e Comunitaria.



**11:40 Pausa café**

**12:00 Traxectoria para unha carreira internacional como cirurxián. Ideas para estudante e residente de medicina**

Dr. Andrés Rodríguez Lorenzo. Chief of Plastic Surgery. Upsala (Suecia).

**12:30 A nutrición como disciplina transversal. Dieta atlántica**

Dra. Rosaura Leis Trabazo. Catedrática de Pediatría na USC. Coordinadora de Nutrición e Gastroenteroloxía Pediátrica no CHUS.

**13:00 Coidados e avances para unha óptima saúde oral**

José María Suárez Quintanilla. Catedrático de Odontoloxía na USC.

**13:30 Impacto das ferramentas xenéticas para o coñecemento da predisposición a enfermidades**

Dr. Ángel Carracedo Álvarez. Catedrático de Medicina Legal na USC. Presidente da Fundación Pública de Medicina Xenómica.

**14:00 Clausura**

**D. Alfonso Rueda.** Presidente da Xunta de Galicia

**D. Miguel Á. Santalices.** Presidente del Parlamento de Galicia

